



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARTEIXO

Secretaría Xeral

Bases e convocatoria axudas de emerxencia social municipal 2025

ANUNCIO

Asunto: BASES E CONVOCATORIA AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL 2025

O Pleno da Corporación, en sesión celebrada o 30 de decembro de 2024, acordou a aprobación das Bases Reguladoras para a concesión de axudas de emerxencia social (AES).

Dando cumprimento ao acordo plenario, procédese á publicación íntegra das mesmas para xeral coñecemento.

As bases están expostas no taboleiro de edictos do Concello, no taboleiro de anuncios e na web municipal.

ANEXO I

BASES REGULADORAS DO PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DE AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL (AES)

BASE PRIMEIRA. RÉXIME XURÍDICO

O sistema galego de servizos sociais establece como obxectivos, facilitar recursos e itinerarios de inclusión social, garantir a autonomía persoal das persoas dependentes, brindar protección e oportunidades sociais e educativas aos menores, facilitar a conciliación da vida laboral e familiar e, en xeral, ademais, previr a aparición de situacións de exclusión, dependencia, desigualdade ou desprotección das persoas máis vulnerables.

A Lei 13/2008 do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, estrutura e regula os servizos sociais en Galicia de maneira que os poderes públicos galegos garanten como recoñecible e esixible o dereito das persoas aos servizos sociais que lles correspondan en función da valoración obxectivada das súas necesidades, co fin de posibilitar que a súa liberdade e igualdade sexan reais e efectivas, salvando as dificultades que impiden ou dificultan a súa plenitude e facilitando a participación de todas as persoas na vida política, económica, cultural e social. Especificamente, configura as prestacións económicas indicando o artigo 21.1º que son “as achegas en diñeiro, de carácter periódico ou de pago único que teñen como finalidade, entre outras, apoiar o coidado de menores, paliar situacións transitorias de necesidade, garantir mínimos de subsistencia e reforzar procesos de integración familiar e inclusión social” entre elas, conforme ao artigo 21.2º “b) As axudas de emerxencia e necesidade social” e “j) As axudas económicas de análoga ou similar natureza e finalidade coas anteriores.”

O sistema de servizos sociais de Galicia, e dentro das disposicións reguladoras dos servizos sociais comunitarios básicos, o artigo 9. d) do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, contempla como programas e servizos sociais comunitarios o “Programa básico de inserción social que procure valorar, dar resposta ou derivar ao recurso idóneo as persoas en situacións ou risco de exclusión social, aplicando tanto proxectos de intervención social personalizados ou de grupo como prestacións económicas específicas...”.

O obxectivo perseguido na elaboración desta norma é conseguir un equilibrio entre a necesidade de dispoñer dunhas bases que cumpran os requisitos esixidos pola normativa de subvencións, Lei 9/2007, do 13 de xuño, e a necesidade, igualmente irrenunciable, de preservar a finalidade das axudas económicas dos servizos sociais como instrumento de apoio para a cobertura de necesidades e que se enmarca na intervención social coas persoas beneficiarias da axuda.

A súa competencia vén determinada de conformidade co previsto na Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, reformada pola Lei 27/2013 do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que, no artigo 25.2.e), atribúe aos municipios como competencia propia a avaliación e información de situacións de necesidade social e atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

BASE SEGUNDA: OBXECTO

Estas bases teñen por obxecto establecer as condicións e o procedemento, polos que se rexerán as solicitudes e concesión das axudas económicas municipais para situacións de emerxencia social.

A efectos destas bases, considéranse situacións de emerxencia abordables con estas axudas económicas, aquelas que orixinan **gastos puntuais** para cubrir necesidades específicas de carácter básico e urgente.

Entenderase por axudas económicas de emerxencia social (*en diante AES*), aquelas dirixidas a persoas ou unidades familiares ou de convivencia, destinadas a paliar unha situación gravemente deteriorada, de urgente necesidade ou con graves problemas específicos que afecten á autonomía persoal, social e económica, que non pode ser resolta con recursos ou medios económicos propios, co fin de lograr o seu normal desenvolvemento humano e social.

As axudas han de estar necesariamente incardinadas nun proceso de intervención social, que inclúa a análise completa da situación individual e familiar e o proxecto de traballo inmediato, a medio e longo prazo, e documentaranse nun informe social municipal, que ten o carácter de ditame técnico, elaborado e asinado por unha traballadora ou traballador social. Son un instrumento dentro da intervención social cuxa finalidade é a prevención da exclusión social, favorecer a integración das persoas e a atención ás necesidades básicas da cidadanía.

BASE TERCEIRA: NATUREZA E RÉXIME DAS AXUDAS

As axudas reguladas nestas bases:

1. Están dirixidas a persoas, individualmente consideradas, ou a unidades familiares ou de convivencia que carezan de medios e nas que concorran factores vulnerabilidades social, sendo sempre un apoio á intervención social activa da cidadanía.

2. Teñen carácter persoal, son temporais e non transmisibles. Polo tanto non poderán:

- Ser obxecto de cesión total nin parcial.
- Ser obxecto de compensación ou desconto, salvo para o reintegro de prestacións indebidamente percibidas.
- Ser obxecto de retención ou embargo salvo nos supostos e límites previstos na lexislación que resulte de aplicación.

3. Frecuencia: A solicitudes deberán manter entre elas unha distancia mínima de tres meses (3).

4. Como regra xeral, simultaneamente só poderá tramitarse unha solicitude por domicilio, entendido como o marco físico de aloxamento da unidade de convivencia da que forma parte a persoa que solicita a axuda. No caso de presentación simultánea de máis dunha solicitude por domicilio, terase en consideración a presentada en primeiro lugar.

5. Son axudas económicas:

a) De carácter extraordinario e puntual.

a) De carácter **finalista**, debendo destinarse unicamente ao obxecto para o que fosen concedidas.

b) De carácter **subsidiario** doutras axudas e prestacións de calquera administración competente na materia, de ámbito supramunicipal.

6. Tendo en conta o obxecto e a finalidade destas axudas, o procedemento de concesión tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva, de acordo co establecido no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ata o esgotamento do crédito orzamentario da convocatoria, sempre que se cumpran as garantías previstas no artigo 31.4 desta lei.

7. PERÍODO. As AES serán concedidas para o ano natural da súa solicitude e deberán ser consumidas durante ese mesmo ano, coa excepción das valoradas no mes de decembro, que poderán ser concedidas e consumidas para o ano entrante.

As bases establécense no marco da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións; do seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, do 21 de xullo, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, do Decreto 11/2008, do 8 de xaneiro, que aproba o Regulamento desta Lei; da Ordenanza Municipal Reguladora das subvencións municipais (Ord. non fiscal nº 26), e do Plan Estratéxico de Subvencións deste Concello.

BASE CUARTA: FINANCIAMENTO

A xestión orzamentaria das axudas recollidas nas presentes bases reguladores efectuarase con cargo á partida 231 48903, destinada para este fin.

A contía anual máxima que se destina a esta finalidade, será establecida na Convocatoria anual aprobada e consignada anualmente no orzamento municipal, quedando condicionada a concesión de subvencións, á existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da súa resolución.

BASE QUINTA: MODALIDADES DE AXUDAS

Poderán ser obxecto de subvención os seguintes gastos de emerxencia social.

1. **Alimentación e cobertura de necesidades básicas con carácter xeral:** Alimentación, vestiario, aloxamento temporal e demais indispensables básicos para o desenvolvemento da vida diaria.

2. **Subministracións básicas e mantemento da vivenda.**

- Subministracións do fogar.
- Fianzas para alugueiros de vivendas.
- Importes mensuais de alugueiro pendentes de pago.
- Importes pendentes para evitar o desafiuzamento.
- Equipamento básico de vivenda, que resulte imprescindible para manter a habitabilidade.
- Pequenos arranxos na vivenda habitual cando se consideren imprescindibles para manter a habitabilidade e a permanencia no domicilio.
- Limpezas e desinfección en vivendas.

3. **Gastos sanitarios:** Inclúense

- Gastos de medicación,
- Próteses oculares,
- Prótese e arranxos dentais,
- Outros de análoga natureza.

4. **Desenvolvemento de actividades de inserción socio-laboral.**

- Asistencia a cursos de formación: en concepto de matrículas, material e/ou transporte.
- Atención ao menor: Actividades extraescolares, libros ou material escolar.

5. **Outros gastos excepcionais,.**

BASE SEXTA. INCOMPATIBILIDADE DAS AXUDAS

As axudas de emerxencia social (AES) municipais son incompatibles,

a) Co goce gratuito de servizos que cubran as mesmas necesidades.

b) Coas axudas ou prestacións económicas concedidas para a mesma finalidade por outra Administración, organismo público, entidade social ou departamento municipal. Exceptuarase este requisito,

1. Se a prestación económica solicitada en primeiro lugar non liquidase a totalidade da necesidade.
2. Cando as circunstancias sociais individuais ou familiares variasen desde a finalización do prazo de solicitude da prestación económica inicial.

En ambos os supostos, poderá concederse unha AES que complemente a prestación recibida coa finalidade de liquidar a necesidade, debendo xustificarse adecuadamente no informe social.

BASE SÉTIMA: REQUISITOS ESPECÍFICOS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

A efectos destas Bases, enténdese por unidade familiar ou de convivencia a formada por máis dunha persoa cuxos membros convivan no mesmo domicilio.

Excepcionalmente, aplicárase o concepto de unidade familiar sen ter en conta o resto da unidade de convivencia sempre que as circunstancias o xustifiquen e sexa razoado polo/a traballador/a social de referencia.

1. Ter 18 anos cumpridos ou estar emancipado ou emancipada.

2. Contar con permiso, autorización de residencia e/ou traballo neste país, que acreditarán no momento da presentación da solicitude.

3. Ter residencia efectiva e constatada polos servizos sociais comunitarios municipais e estar empadroado ou empadroadado neste Concello de forma ininterrompida, ao menos, durante os **doce meses anteriores** á presentación da solicitude.

Exceptúanse deste requisito,

- Aquelas persoas que, carecendo de domicilio en Arteixo, a súa situación de urxencia social faga necesaria esta axuda.
- Persoas provenientes doutros municipios, cunha derivación do equipo de servizos sociais que corresponda, informe e proxecto de intervención previo.

- As vítimas de violencia de xénero que cambien o seu domicilio por motivos de seguridade.

En todo caso, a situación de excepcionalidade será xustificada adecuadamente no informe social.

4. Que os gastos para os que se solicita axuda, sexan valorados polo persoal do Departamento de Servizos Sociais, referente do Expediente social, como indispensables para a prevención da marxinação, ou que a súa satisfacción favoreza a normalización da familia ou dos individuos que a compoñen.

5. Contar cun proxecto de Intervención social, Inclusión ou Educación Familiar neste Concello, así como participar activamente no seu desenvolvemento por parte de todos os compoñentes da unidade familiar ou de convivencia.

Poderán quedar exentas do cumprimento deste requisito, aquelas persoas solicitantes de axuda para facer fronte a situacións de excepcional e extrema gravidade social ou perigo, valoradas como tales no Informe Social da profesional de referencia do expediente.

6. Atoparse en calquera das situacións que se describen:

6.1. Pertencer a un colectivo en situación de vulnerabilidade social.

6.2. Violencia de xénero

6.3. Calquera outra circunstancia de risco ou vulnerabilidade social, valorada como tal, polo persoal técnico do Departamento de S. Sociais.

7. Acreditar a situación económica mediante:

7.1. Acreditación de recursos económicos insuficientes na unidade familiar, para a satisfacción da necesidade para a que se solicita axuda, con estes limiares de ingresos da unidade familia:

- UNIDADE FAMILIA DUNHA SOA PERSOA. Ingresos máximos: O equivalente ao importe anual do IPREM vixente o ano de formular a solicitude (en cómputo de 12 meses), ou calquera outro índice público utilizado para a consideración de vulnerabilidade que o substitúa oficialmente
- UNIDADES SUPERIORES A UN MEMBRO. O límite de ingresos increméntase un 15 % para cada membro adicional, ata unha contía máxima do 200 % do IPREM no seu cómputo mensual.

Dos ingresos totais descontaranse os gastos de alugueiro ou hipoteca ata un importe máximo de 400€ mensuais.

Computaranse como recursos a totalidade de ingresos que se obteñan polos conceptos de rendemento de traballo, retribucións, renda e prestacións nos 6 meses anteriores á data da solicitude.

7.2. Non dispoñer de bens patrimoniais dos cales se deduza a existencia de medios suficientes para a subsistencia, calculados de acordo cos criterios de cómputo de recursos económicos previstos na normativa autonómica de inclusión social vixente en cada momento. Para o cómputo destes límites de ingresos sumaranse os da persoa perceptora máis o número de membros da unidade de convivencia maiores de idade.

8. Acreditar a situación de necesidade, que será valorada pola Traballadora social de referencia do expediente no informe social.

9. Que os gastos para os que solicita axuda, non estean cubertos por outros departamentos municipais ou outras administracións ou entidades públicas ou privadas, coas excepcións recollidas na Base sexta.

10. De ser o caso, ter xustificadas correctamente as axudas concedidas por este Concello con anterioridade.

En relación co contido do artigo 13.2, letra e) da Lei Xeral de Subvencións, dada a natureza destas subvencións, os beneficiarios quedarán exonerados do requisito de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social. Dispensa que se estende a non ter pendente de pago ningunha débeda co Concello de Arteixo ou Deputación Provincial da Coruña.

BASE OITAVA: DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA A SOLICITUDE DAS AXUDAS

1. Solicitude, segundo modelo normalizado do Concello de Arteixo.

2. Orixinal do DNI, TIE, da solicitante e dos membros da unidade familiar que o posúan.

No suposto de persoas estranxeiras, tarxeta de asilo ou refuxio ou calquera outro documento que permita acreditar a súa identidade e a súa estadía legal no país.

3. Orixinal do Libro de Familia, ou documento equivalente.

4. Documentación que acredite os ingresos económicos e/ou recursos patrimoniais, de todos os membros da unidade familiar ou de convivencia, a través de:

- a. Informes de vida laboral, nóminas, recibos, xustificantes de pensións, certificados da percepción ou non de prestacións do Servizo Público de Emprego, da Seguridade Social ou calquera outro documento que acredite os ingresos da persoa ou unidade familiar.
- b. Declaración responsable do interesado/a na que se faga constar, se é o caso, a carencia absoluta de rendas familiares.
- c. Autorización ao Concello para acceder aos datos tributarios debidamente asinada por todos os membros que formen parte da unidade familiar de convivencia, ou certificación dos mesmos expedida pola axencia tributaria, así como ao acceso a información sobre a posesión de vehículos.
- d. Declaración responsable, da persoa interesada, na que se faga constar que non se recibiu doutros organismos ou institucións públicas ou privadas, e para a mesma finalidade, a axuda que se solicita.
- e. Extracto ou certificación das entidades bancarias nas que confíen as contas ou depósitos sobre os movementos bancarios de ingresos e gastos existentes nos seis (6) meses anteriores á solicitude.

5. Tarxeta actualizada de demandante de emprego se é o caso.

6. Documentos acreditativos da situación de necesidade, determinantes da solicitude que deben ser orixinais, así como o xustificante do seu custo ou orzamento, (contrato e recibo de alugueiro da vivenda, etc.).

No caso de axudas destinadas a gastos derivados das actividades de inserción, resguardo da matrícula ou inscrición.

Se algún destes documentos fose devolto á solicitante, a Administración estampará un selo indicativo do financiamento municipal.

7. Calquera outra documentación que se considere pertinente para avaliar a situación de vulnerabilidade social, en particular a que acredite a pertenza a un colectivo considerado en situación de risco ou exclusión social pola normativa autonómica vixente en cada momento. Así como calquera outra documentación complementaria que contribúa a fundamentar a solicitude de axuda.

8. **COMPROBACIÓN DE DATOS.** A Administración municipal comprobará de oficio o Padrón da unidade familiar e de convivencia e, autorizada pola persoa solicitante da axuda, comprobará os datos que consten na Axencia Tributaria ou en calquera outra base de datos de administracións públicas ás que teña acceso e que sexa necesario consultar para a correcta valoración da solicitude.

9. De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou estes documentos, que serán solicitados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

10. De forma excepcional, se non se puidesen obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada que os achegue.

A falsidade ou ocultación de datos na documentación presentada para a obtención da axuda comportará a exclusión do proceso de valoración e, por tanto, a imposibilidade de ser persoa beneficiaria das axudas establecidas nestas Bases.

En calquera fase da tramitación do expediente poderase requirir toda aquela documentación que se considere necesaria para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos e os documentos en virtude dos cales ha de formularse a proposta de resolución.

BASE NOVENA: PRAZO E PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto ao longo de todo o ano natural.

1. As solicitudes presentaranse a través do formulario normalizado, Anexo I, dispoñible na sede electrónica do concello de Arteixo, acompañada da documentación preceptiva sinalada na base anterior. (<https://www.arteiro.org>).

As solicitudes poderán presentarse no Rexistro Xeral do Concello, nos Rexistros auxiliares, ou por calquera dos medios previstos na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

No caso de que a persoa solicitante estea incapacitada, a solicitude farase ao seu nome e será asinada polo seu representante legal, que deberá acreditar a representación por calquera medio válido en dereito.

A solicitude poderase iniciar de oficio mediante informe emitido polo persoal de servizos sociais, que iniciará o expediente para todos os efectos, se as circunstancias familiares e sociais así o requiren.

2. Frecuencia: Só serán concedidas unha solicitude nunha (1) cada tres meses por unidade familiar.

3. Cando simultaneamente distintos membros dunha mesma unidade familiar ou de convivencia presenten solicitude de AES, terase en consideración a presentada en primeiro lugar.

BASE DÉCIMA. SUBSANACIÓN E REFORMULACIÓN DE SOLICITUDES.

Cando a solicitude non reúna os requisitos sinalados no artigo 66 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou non se acompañe a documentación esixida, segundo artigo 68 da mesma, requírase á persoa interesada para que, no prazo de 10 días, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, considerárase desistida na súa petición poñendo fin ao procedemento, en virtude do artigo 84 da lei e procederase ao arquivo do expediente, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, previamente citada.

Nestas Bases non se prevé a posibilidade de reformulación de solicitudes establecida o artigo 27 da Lei Xeral de Subvencións, sen prexuízo da corrección prevista na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

BASE DÉCIMO PRIMEIRA: CRITERIOS PARA O CÓMPUTO DE RECURSOS ECONÓMICOS

1. Para os efectos destas bases, entenderanse como recursos económicos dos que dispón a unidade de convivencia os seguintes:

a) Ingresos: o total de ingresos que perciba no momento da solicitude a persoa solicitante ou aquelas que constitúan a unidade de convivencia en concepto de rendementos do traballo ou de actividades económicas, como retribucións, rendas, prestacións, axudas, subsidios, prestacións de pagamento único ou por calquera outro concepto; así mesmo, as cantidade percibidas en concepto de rendementos do capital mobiliario e inmobiliario, alugamentos ou similares, así como rendementos do patrimonio.

b) Bens patrimoniais, depósitos bancarios, e contas correntes ou de aforro.

Terán a consideración de bens patrimoniais para os efectos desta base, os bens mobles ou inmoibles, incluídos os vehículos, sobre os cales se posúa un dereito de propiedade, posesión, usufruto ou calquera outro de análoga natureza, con excepción da vivenda habitual destinada ao seu uso.

2. Non se considerarán como recursos económicos dos que dispón a unidade de convivencia os que seguen:

a) Os ingresos de carácter finalista dirixidos á formación regrada.

b) Os ingresos por asistencia a cursos de formación non regrada, sempre que pola súa natureza e menor contía se deduza que só remuneran os gastos de asistencia ao curso ou incentivan a formación.

c) No caso de existir persoas en situación de dependencia, as libranzas para **adquisición de servizos** ou para **asistente persoal** que se perciban na unidade de convivencia da persoa beneficiaria da axuda, por ter como finalidade a adquisición do correspondente servizo. Estes ingresos terán a consideración de compatibles e non deducibles do cómputo total de ingresos.

BASE DÉCIMO SEGUNDA: CONTÍA DAS PRESTACIÓNS

Contía máxima anual do 500% do IPREM en cómputo mensual para:

1. A cobertura de necesidades básicas con carácter xeral: alimentación, vestiario, subministración enerxética, aloxamento e demais indispensables para o desenvolvemento da vida diaria.

2. Gastos sanitarios: próteses oculares, próteses e arranxos dentais, gastos farmacéuticos.

3. Axudas de uso e mantemento de vivenda: fianzas para alugueiros de vivendas, Importes pendentes para evitar o desafuizamento, pequenos arranxos na vivenda habitual cando estes se consideren imprescindibles para a permanencia no domicilio, limpeza e desinfección en vivendas.

4. Outros gastos excepcionais, valorados por as/vos técnicas/vos municipais de servizos sociais como indispensables con obxecto de prever a marxinación e favorecer a normalización de individuos e familias.

Contía máxima anual dun 100% do IPREM, en cómputo mensual, para:

O desenvolvemento de actividades de inserción sociolaboral: Asistencia a cursos de formación, matrículas, material e transporte.

Atención ao menor: actividades extraescolares, libros e material escolar, non cubertos por outros departamento municipais, administracións ou entidades.

Importe máximo anual. En todo caso, o importe anual da totalidade das axudas de emerxencia social recibidas por unha unidade familiar ou de convivencia, non superará o 600% do IPREM no seu cómputo mensual.

BASE DÉCIMO TERCEIRA. INSTRUCIÓN DO PROCEDEMENTO E TRAMITACIÓN, DAS SOICITUDES

5. A instrución do procedemento corresponderá ao Departamento de Servizos Sociais do Concello de Arteixo.
6. Durante a tramitación poderanse solicitar cantos datos ou documentos sexan necesarios á propia persoa solicitante, ou a calquera entidade pública coma privada, previa autorización da solicitante.
7. A negativa ou imposibilidade de facilitar datos ou documentos non eximirá do deber de efectuar proposta e ditar resolución, sen prexuízo de poder tomar en consideración esa negativa á hora de efectuar a avaliación.
8. Toda a tramitación garantirá o dereito das persoas á confidencialidade, sxiilo e respecto en relación cos datos persoais e información coñecida polos servizos sociais a causa da intervención profesional, sen prexuízo do posible acceso aos mesmos en exercicio dunha acción inspectora, de conformidade coa lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

BASE DÉCIMO CUARTA. VALORACIÓN DE SOLICITUDES, CRITERIOS E MESA DE VALORACIÓN.

A.- VALORACIÓN DE SOLICITUDES

1. A valoración inicial será realizada pola Traballadora Social de referencia do expediente social deste Concello, mediante INFORME SOCIAL, que conterà a súa proposta e que elevará á Mesa Mensual de AES.

2. CONTIDO MÍNIMO DO INFORME SOCIAL

- a. Datos persoais e da unidade familiar.
- b. Datos económicos e procedencia dos ingresos
- c. Descrición da situación social, laboral e familiar ou unidade de convivencia.
- d. Breve descrición do proxecto de intervención, tipo de proxecto e grao de cumprimento e implicación dos membros da unidade familiar.
- e. Valoración da necesidade descrita na solicitude e do cumprimento dos requisitos esixidos nestas Bases.
- f. As axudas anteriores recibidas na unidade familiar nos últimos 12 meses.
- g. A xustificación das axudas anteriores recibidas pola unidade familiar ou de convivencia.
- h. De ser o caso, proposta de concesión con indicación da modalidade de axuda, a temporalidade dos pagos, forma de pago e de xustificación.
- i. De ser o caso, proposta de denegación motivada, con indicación da Base que sustenta a denegación.

O informe social, será incorporado á solicitude como documento determinante da concesión ou denegación da axuda ou axudas solicitadas.

3. O informe social deberá de ir acompañado do acordo de Aceptación do Programa de intervención social asinado pola persoa beneficiaria e o resto de membros da unidade familiar e de convivencia. O incumprimento deste acordo comportará o inicio do procedemento previsto na Base vinte e un.

4. A valoración das axudas requirirá entrevista presencial da solicitante ou da persoa que a represente, coa Traballadora social de referencia do expediente social.

A traballadora social, debidamente xustificado no informe social, poderá exceptuar deste requisito situacións valoradas como de extrema urxencia, nas que resulte materialmente imposible ou aconsellable a entrevista persoal.

5. A valoración das axudas destinadas ao uso de vivenda, requirirán ao menos, dunha visita domiciliaria ao ano.

A traballadora social, debidamente xustificado no informe social, poderá exceptuar deste requisito situacións valoradas como de extrema urxencia, nas que resulte materialmente imposible ou aconsellable a entrevista persoal.

6. A proposta de concesión deberá axustarse necesariamente ás características destas axudas e á existencia de crédito idóneo e suficiente.

B.- CRITERIOS DE VALORACIÓN

Na valoración das axudas, a traballadora social de referencia, terá en conta os seguintes criterios:

1. Que a solicitante e a súa familia ou unidade de convivencia se atope nunha situación de necesidade social.
2. Os ingresos totais da unidade familiar deberán ser inferiores ao importe anual do IPREM vixente o ano de formular a solicitude, en cómputo de 12 meses, de acordo coas condicións e limiares establecidos na Base Sétima.
3. No caso de que o/a solicitante constituía unha familia monoparental con menores a cargo, ou con persoa con valoración de dependencia ou discapacidade a cargo, incrementarase nun 0,80 % o número de persoas computables.

4. Para os efectos do cómputo dos ingresos para o recoñecemento da prestación, terase en conta a base imponible da última Declaración da Renda das persoas físicas.

C.- MESA DE VALORACIÓN.

Para o estudo e a valoración das solicitudes, constituirase a Mesa de valoración e seguimento destas prestacións económicas.

O funcionamento deste órgano axustarase ao que dispoñen as normas contidas para ese efecto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Estará integrada polo persoal técnico do Departamento de Servizos Sociais, incluída a Coordinadora do Departamento e presidida o/a responsable político/a de o área de Servizos Sociais do concello de Arteixo. En ausencia desta presidirá a Mesa, a Coordinadora do Departamento.

A Mesa de valoración reunirase mensualmente e, sempre que sexa necesario, con maior frecuencia.

Ante situacións de extrema urxencia, suficientemente motivadas pola Traballadora social de referencia do expediente social, as axudas poderán ser aprobadas directamente polo órgano competente, sen convocatoria nin reunión previa da Mesa de valoración.

BASE DÉCIMO QUINTA. RESOLUCIÓN.

1. Unha vez valoradas as propostas do persoal de traballo social, elevaranse ao órgano competente, que ditará ou acordará a súa concesión ou desestimación.

2. O prazo máximo para resolver e notificar será de dous meses (2), contado este prazo desde a presentación completa da solicitude e a documentación obrigatoria no rexistro do Concello de Arteixo, podendo de oficio ou a pedimento de persoa interesada, solicitarse unha ampliación de prazos nos termos previstos na normativa administrativa xeral vixente en cada momento. Transcorrido este prazo sen que se dite resolución expresa as solicitudes **entenderanse desestimadas**, de acordo co establecido no artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. De cada sesión celebrada confeccionarase unha acta na que se farán constar, polo menos, os seguintes datos:

- Persoa beneficiaria, reflectida mediante DNI/ TIE e iniciais, xunto co número de expediente SOCYAL.
- Axuda concedida e tipo
- Contía total proposta, forma de pago (directo ou delegado) e temporalidade.
- Xustificación do gasto previa ou posterior ao pago da axuda.
- Causas de denegación, no seu caso.

4. Simultaneamente á valoración das solicitudes recibidas, a mesa valorará a xustificación individual das axudas concedidas en períodos anteriores, baseándose no informe emitido pola Traballadora Social de referencia.

BASE DÉCIMO SEXTA: PROCEDIMENTO DE NOTIFICACIÓN E PUBLICIDADE

1. AXUDAS DENEGADAS.

As axudas denegadas serán notificadas a cada solicitante con indicación da causa de denegación.

A notificación da resolución ou acordo practicarase preferentemente por medios electrónicos. As persoas interesadas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicarse por medios electrónicos mediante os modelos normalizados dispoñibles.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta a dispor sen que se acceda ao seu contido.

No formulario de solicitude, a persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación electrónica ou en papel.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, ou a persoa optase por notificación en papel, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. AXUDAS CONCEDIDAS.

O Departamento xestor publicará no taboleiro de anuncios de cada centro no que se preste atención social, a lista de axudas concedidas en cada mesa de valoración, garantindo o anonimato das persoas beneficiarias.

BASE DÉCIMO SÉTIMA: ACEPTACIÓN E RENUNCIA

A renuncia á prestación poderase facer por calquera medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

No caso de que se comunicase a renuncia, o órgano competente para resolver ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 21.1 da citada lei.

De non comunicar a renuncia por calquera medio que permita a súa constancia, a prestación entenderase tacitamente aceptada.

BASE DÉCIMO OITAVA. RÉXIME DE RECURSOS CONTRA A RESOLUCIÓN

Contra a resolución, que pon fin á vía administrativa, e de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e 8, 45 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, poderase interpoñer un dos seguintes recursos:

1. Con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto recorrido (salvo que se trate dun acto ditado por delegación, nese caso corresponderá a resolución ao órgano delegante), no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación.

A interposición do recurso, excepto nos casos en que unha disposición estableza o contrario, non suspenderá a execución do acto impugnado, de conformidade co disposto no artigo 117 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Se transcorre un mes desde o día seguinte ao da interposición do recurso de reposición, sen que este fose resolto, poderá entenderse que foi desestimado e poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso Administrativo, no prazo de seis meses, a contar desde o día seguinte ao da desestimación presunta.

2. Recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso Administrativo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da recepción da notificación.

En caso de optar polo recurso potestativo de reposición non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou produciuse a súa desestimación por silencio administrativo.

BASE DÉCIMO NOVENA. PAGO E XUSTIFICACIÓN

A) PAGO DAS AXUDAS

1. O modo de pago da axuda será o **pago delegado** á entidade ou profesional que presta o servizo ou directamente á persoa solicitante, de acordo co que estableza a Resolución ou Acordo de concesión, que tamén determinará se a xustificación do gasto ha de ser previa ou posterior ao abono. Todo iso, con base no informe social.

So será posible o pago directo á persoa solicitante, se pola natureza da axuda non fose posible o pago delegado ou este dificultase a xestión administrativa. Esta circunstancia será adecuadamente xustificada no informe social. Neste caso, a solicitante xustificará mediante factura, o importe da axuda.

As persoas ou profesionais que presten o servizo obxecto da axuda non poderán ter relación de parentesco ata segundo grao de consanguinidade ou afinidade co solicitante da axuda.

2. Con carácter excepcional, o pago poderá realizarse a calquera membro da unidade familiar, distinta da solicitante, se a xuízo do órgano instrutor, se xustifique a súa conveniencia para preservar a finalidade da prestación, e sen prexuízo da obrigación que ten a persoa solicitante de comunicar calquera cambio nos requisitos esixidos para obter a axuda.

3. O pago realizarase a través dos medios previstos nas bases de execución do Orzamento Xeral do Concello de Arteixo, e poderá ingresarse en conta bancaria, tarxeta pre pago ou similares.

4. Pagarase nun único pago ou ben en varios pagos sucesivos, cuxa periodicidade virá determinada na Resolución de Concesión.

5. A Administración non se fai responsable da imposibilidade de efectuar o pago por causas imputables ás persoas solicitantes.

6. No caso de producirse pagos anticipados á execución e xustificación, exímese ao beneficiario da presentación de garantías, pola natureza social destas axudas.

7. Durante o período de percepción da axuda económica non poderá modificarse a conta bancaria. Salvo casos excepcionais debidamente xustificadas e informados pola Traballadora social de referencia do expediente.

A) XUSTIFICACIÓN DAS AXUDAS

1. Condicións xerais:

a) As persoas beneficiarias están obrigadas á xustificación das axudas concedidas, como mínimo na cantidade igual ao importe concedido. Baseándose no informe social, a Resolución ou Acordo de concesión determinará se a xustificación do gasto ha de ser previa ou posterior ao abono.

- b) O prazo de xustificación será de **quince días hábiles (15)** desde a data do ingreso da axuda na conta bancaria designada pola beneficiaria, e, en todo caso, o 30 de xaneiro de cada ano, para aquelas axudas concedidas na mesa do mes de decembro anterior.
- c) Transcorrido o prazo de xustificación indicado (**15 días hábiles**) sen que se producira a mesma, ou realizándose de forma insuficiente, suspenderase automaticamente o pago dos importes pendentes de pagar. Concederase un prazo adicional de 5 días naturais, para emendar o defecto, renovándose o pago se en dito prazo leva a cabo correctamente a xustificación completa dos gastos.
- d) Se pola contra, a xustificación se efectuase de forma insuficiente dentro dos prazos sinalados, entenderase modificado o importe da concesión limitándoo á contía efectivamente pagada ata a data. O órgano competente ditará Resolución de modificación do importe concedido inicialmente, dando inicio ao procedemento previsto na Base vinte e un.

2. Xustificación dos pagos directos, efectuados na conta bancaria da persoa beneficiaria. Acreditarase mediante as facturas dos pagos e gastos realizados que deberán cumprir os requisitos regulamentarios establecidos, ou mediante outros documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil. **Acompañarase do xustificante do ingreso efectuado na conta bancaria do prestador do servizo subvencionado, ou mediante documento equivalente.**

3. Xustificación dos pagos efectuados por delegación, nos que os servizos económicos do Concello practican o ingreso en conta bancaria distinta

da persoa beneficiaria. Deberán presentar documento legal acreditativo segundo a modalidade de axuda concedida.

4. Xustificación de pagos a través de tarxeta pre pago ou similares. Darase por xustificado o importe mensual facturado pola empresa propietaria da tarxeta que corresponda á modalidade de axuda concedida.

5. No caso de axudas destinadas a accións de inserción educativa e/ou laboral, consistentes no pago de matrículas en cursos de formación ocupacional ou outras, esixirase o informe de asistencia á formación subvencionada, emitido pola entidade que a imparta. Non se considerará xustificada se o absentismo supera o 20% das horas ou días de formación.

6. Con carácter excepcional e, debidamente xustificado no informe social e, ante determinadas situacións extremas, ao perceptor da axuda non se lle requirirá a xustificación do gasto polos medios determinados con carácter xeral, senón mediante calquera medio admisible en dereito ou, no seu caso, mediante o informe correspondente dos Servizos Sociais, sobre a base da concorrencia dunha determinada situación extrema de necesidade (artigo 30.7 da Lei xeral de subvencións).

BASE VINTE: OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

Sen prexuízo das demais obrigacións establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, as persoas beneficiarias das axudas concedidas ao amparo desta resolución quedan obrigadas a:

- a) Aplicar o importe concedido á finalidade ás necesidades básicas reflectidas na solicitude.
- b) Manter unha participación activa e cumprir co proxecto de inserción deseñado para a unidade familiar polo Departamento de Servizos Sociais, tal como recolle nestas Bases.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación que efectúen os Servizos Sociais do Concello de Arteixo, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación ou control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais, achegando canta documentación lles sexa requirida no exercicio desas actuacións.
- d) Comunicar aos Servizos Sociais de Arteixo, no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa xustificación, a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.
- e) Comunicar a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención.
- f) Facilitar toda a información que sexa requirida polos Servizos Sociais do concello de Arteixo.
- g) Presentar os xustificantes dos gastos financiados a través das axudas no prazo establecido nestas Bases.
- h) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos que reciba, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- i) No caso de persoas en desemprego, manterse rexistrados como demandantes de emprego e levar a cabo unha procura activa de emprego, participar nas actividades formativas encamiñadas á mellora da súa empregabilidade e a dos membros da unidade familiar ou de convivencia. En caso contrario deberá xustificarse documentalmente.
- j) En situación de precariedade laboral, non rexeitar ningún emprego ou curso formativo que lle permita compatibilizar a súa vida laboral e familiar. En caso contrario deberá xustificarse documentalmente.

- k) No caso de menores en idade escolar, colaboración da familia co centro educativo e co persoal municipal no control da asistencia a clase e mellora do seu rendemento escolar.

BASE VINTE E UN: INCUMPRIMENTOS, REINTEGROS E SANCIÓN

1. O incumprimento das obrigacións contidas nestas Base, ou na demais normativa aplicable, así como das condicións que, no seu caso, se establezan na Resolución de concesión, por calquera membro da unidade familiar ou de convivencia, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente as subvencións percibidas, así como os intereses de demora debidos desde o momento en que se efectúe o pago, nos casos sinalados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De acordo co artigo 14.1. n) da Lei 9/2007, os criterios de gradación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade que se minorará ou reintegrará serán os seguintes.

1. DARÁ LUGAR Á PERDA DO DEREITO Á COBRANZA ou, no caso de tela xa recibida, ao reintegro da totalidade da axuda concedida e á non concesión de novas axudas á persoa beneficiaria e/ou unidade familiar, en calquera dos conceptos, durante o período dun ANO (1 ano), contado desde a data da Mesa de valoración de concesión da axuda, os seguintes supostos:

- a) O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención.
- b) A obtención da condición persoa beneficiaria das axudas falseando os requisitos requiridos nestas bases reguladoras ou ocultando datos que impedirían ser beneficiario.
- c) A resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control por parte do persoal técnico dos servizos sociais municipais, que imposibiliten a verificación do emprego das axudas percibidas ou a concorrencia doutras axudas ou subvencións ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración pública ou entidade.
- d) O incumprimento total da xustificación da axuda concedida.

2. CALQUERA OUTRO INCUMPRIMENTO, considerárase incumprimento parcial das condicións e requisitos establecidos nestas bases, e dará lugar á modificación do importe da concesión limitando a contía ao xa pagado ou á perda do dereito á cobranza, ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente ao investimento non efectuado ou non xustificado.

Por engadido, dará lugar á **non concesión de novas axudas** á persoa beneficiaria ou unidade familiar, en calquera dos conceptos, durante os períodos seguintes:

- OITO MESES (8), contados desde a data da Mesa de valoración de concesión da axuda, se o reintegro é superior ao 50% da axuda total concedida.
- CATRO MESES (4), contados desde a data da Mesa de valoración de concesión da axuda, se o reintegro é inferior ao 50% da axuda total concedida.

3. Para facer efectiva a devolución a que se refire o apartado anterior, tramitárase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II/II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En todo caso, o expediente iniciárase tomando como base o informe de xustificación da Traballadora Social de referencia do expediente ou, en ausencia desta, daquela que presentou a proposta de axuda.

BASE VINTE E DOUS: TRANSPARENCIA E BO GOBERNO

As axudas outórganse de acordo cos principios de obxectividade e de publicidade.

1. De conformidade cos artigos 17.3. b), 18, 20.8.a) e 20.8. b) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitírase á Base de datos nacional de subvención (BDNS) a información requirida por esta, ou o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e/ou o seu extracto non BOP, sempre no marco do previsto nos artigos 5.3, 14, 15 e 16 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, en canto á protección de datos de carácter persoal.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a fornecer á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016 á que se atopen vinculadas, previo requirimento, toda a información necesaria para que aquela cumpra as obrigacións previstas no título I da citada lei.

3. Os datos de carácter persoal que se soliciten durante a tramitación, valoración e seguimento das prestacións reguladas nas presentes Bases pasarán a formar parte de ficheiros municipais que estarán sometidos ao establecido en Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

BASE VINTE E TRES: SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DAS AXUDAS

Coa finalidade de realizar a análise das axudas, a súa xustificación, o cumprimento dos obxectivos e indicadores previstos no Plan Estratéxico de Subvencións (PES) e a mellora no sistema de concesión, o Departamento de Servizos Sociais elaborará un informe anual de avaliación das axudas, que recolla ao menos os seguintes datos:

- Solicitudes presentadas, desglosadas por sexo e parroquia
- Número de persoas beneficiarias, desglosado o sexo e parroquia
- Número de solicitudes ou axudas denegadas
- Importe medio por persoa das axudas concedidas
- Importe máximo concedido e importe mínimo
- Importe total concedido no ano de referencia

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

As referencias efectuadas nestas Bases á lexislación específica entenderase derogadas, modificadas ou substituídas de conformidade coas disposicións legais que en cada momento se atopen en vigor.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

Autorízase expresamente á persoa titular Concellería de Igualdade, Servizos Sociais, Sanidade e Educación, ou a Concellería que a substitúa na organización municipal, a actuar por delegación da Alcaldía, para resolver a concesión, denegación, modificación ou calquera outra incidencia en relación ás Axudas descritas nestas Bases.

DISPOSICIÓN FINAL

Estas bases entrarán en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Asina. Inés Ramos Álvarez, Concelleira de Igualdade, Servizos Sociais, Sanidade e Educación (08.01.2025)

2025/90